

# Eón Fanerozoico

Comeza hai 542 millóns de anos e dura ata o presente. Iníciase tras unha gran glaciación e caracterízase polo rico rexistro fósil que dá nome ao eón. (Do grego faneros = aparente + zóico = vida = vida aparente)

Durante esta etapa a vida pluricelular multiplícase e coloniza todos os ambientes transformando a paisaxe terrestre.




O Fanerozoico divídese en tres eras que imos estudar con algo máis de detalle.

- Era Primaria ou Paleozoica. 542-250 millóns de anos.
- Era Secundaria ou Mesozoica. 250- 65 millóns de anos.
- Era Terciaria ou Cenozoica. 65 millóns de anos ata hoxe.



## Era Primaria ou Paleozoica. (542-250 millóns de anos.)

A vida pluricelular resulta moito máis fácil de atopar e incluso de diferenciar no rexistro fósil polo que a aparición, na era Paleozoica, dunha gran variedade de organismos mariños con esqueleto externo marca o inicio do último eón da historia da Terra, o Fanerozoico.




Entre os organismos cámbricos destacan os trilobites, un extenso grupo zoolóxico que habitará os mares paleozoicos extinguíndose coa era. No Paleozoico comeza a colonización dos continentes (hai algo máis de 400 millóns de anos xa temos os primeiros fósiles de animais e plantas terrestres) e coa colonización deste novo ambiente aparecen novos retos que solucionar. Por exemplo, atopamos os primeiros esqueletos internos nos animais; máis lixeiros e que permiten maior mobilidade e maiores tamaños.




No inicio do Fanerozoico, na era Primaria, Galicia e boa parte da Península Ibérica saen do océano como consecuencia da colisión de todas as grandes masas continentales que circulaban ao final do Proterozoico.

Hai 380 millóns de anos Panxea incluía os materias da antiga Galicia. Consecuencia desta colisión continental son estruturas tan espectaculares como a dobra do Caurel.



Nesta oroxenia prodúcese moitos materiais magmáticos como os granitos tardíos que afloran en Corme ou Laxe. (305 millóns de anos).



Materias da praia de Aviño en Malpica. A inclinación dos materiais mostra a forza da colisión que deu lugar a Panxea.




Granitos de Corme

# Era Secundaria ou Mesozoica.

(250- 65 millóns de anos.)

Unha gran extinción marca o límite entre a era Paleozoica e a era Mesozoica, hai 250 millóns de anos.



A era Secundaria ou Mesozoica coñécese coma era dos réptiles ou dos dinosauros pero nela se producen outros moitos procesos evolutivos: primeiras plantas con flores, primeiros mamíferos e aves verdadeiras,... Igual que sucedeu coa era anterior, remata cunha gran extinción debida, entre outras causas, ao impacto dun gran meteorito na zona do Golfo de México. A historia da vida demostra que tras cada extinción masiva se produce unha rápida recuperación da biodiversidade grazas ás coñecidas coma “especies desastre”. Estas especies son as que sobreviven a un intenso período de extinción diversificándose tras el.

En Galicia non temos restos da vida que se desenvolveu nela durante a era dos dinosauros. Aínda que viviron aquí, a erosión deixounos sen restos destes. Moi preto de nós, en Asturias temos magníficos restos da vida dos dinosauros.





Hai uns 200 millóns de anos, Panxea fractúrase mediante un punto triple, un lugar no que coinciden tres dorsais oceánicas. Este proceso dá orixe a un dos grandes océanos actuais, o Atlántico, ao mesmo tempo que separa Galicia e América. Hai varios exemplos no mundo dos cantís que se formaron na fracturación de Panxea: Cabo Ortegal, Monte Pindo ou Barbanza. Preto de nós temos un antigo cantil xerado nesa fragmentación continental que sufríu un deslizamento, é o cabo Cociñadoiro. Durante o Mesozoico a placa Ibérica viaxou cara ao leste ao longo de bordos pasivos.

# Era Terciaria ou Cenozoica.

## (65 millóns de anos ata hoxe.)

A era Terciaria coñécese como era dos mamíferos xa que durante esta etapa xeolóxica os mamíferos se diversifican e colonizan todos os ambientes.



Durante Cenozóico fórmanse grandes cordilleiras no curso da oroxenia Alpina: Himalaya, Alpes, Pirineos... A formación de Centroamérica une as dúas grandes masas continentais e a península Ibérica remata o seu proceso de formación.

Galicia está baixo un réxime compresivo como consecuencia do choque entre a placa Ibérica e a Euroasiática na oroxenia Alpina. Nesta era levántase a cordilleira Cantábrica que ten os seus relevos máis occidentais en Galicia. Debido á oroxenia Alpina Galicia elévase potenciando a actividade erosiva dos ríos provocando que profundizan os seus cursos e que comezaran a desembocar no mar hai uns 100 millóns de anos (Tambre, Lárez, Ulla...)



Porén, o río Miño é moi posterior xa que alcanza o mar hai uns 5 millóns de anos nun proceso erosivo que inclúe a captura das augas de cabeceira dalgúns ríos máis antigos como o Lárez ou o Tambre.

Moi interesantes son as intensas glaciacións que, ata en vinte ocasións, provocaron que o nivel do mar se atopara en Galicia a 40 quilómetros da costa actual. (-200 metros sobre o nivel actual). Nos óptimos climáticos o nivel do mar estivo 50 metros máis alto.

Observamos restos desas etapas glaciares nos relevos máis alto de Galicia: Manzaneda, Ancares ou o Caurel.



Hai uns 15.000 anos comeza a última gran subida do nivel do mar (transgresión). O avance dos océanos provoca a destrución de bosques costeiros que fosilizan en varios lugares de Galicia (praia da Hermida en Corme). Tamén dá lugar ao retroceso das barras de area que formaban dunas rampantes similares á do monte Branco.



A subida do nivel do mar fai que ese se introduza nas desembocaduras dos principais ríos dando lugar as nosas rías.

As plantas con flores, como os carballos, pasan a dominar a paisaxe e aves e mamíferos aumentan a súa diversidade.

Durante o Cenozoico ten lugar a fase final do proceso evolutivo que dará lugar hai uns 500.000 anos aos primeiros membros da nosa especie.

